Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 140. Setembro 2017. Distribución gratuíta

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

O Mercamelide de verán contou coa participación de 15 establecementos

A edición número vinte do Mercamelide de verán contou este ano coa participación de 15 comerciantes. Ao longo de dous días veciños e visitantes puideron facerse coas mellores ofertas en diferentes produtos na feira de oportunidades instalada no Palacio de Congresos. Durante a fin de semana do Mercamelide repartíronse ademais 450 euros en premios en forma de vales de compra, e 1.000 xeados gratis para os que se achegaron a mercar. P3



A empresa Medancli renuncia ao proxecto da biomasa



Non teñen notificacións do Concello de Melide dende o pasado 19 de xullo. Mentres, a plataforma que denunciou irregularidades constituirá unha asociación de veciños. P8

A pasarela 'Melide está de moda' será o 14 de outubro



O desfile de outono que organiza a Asociación de Empresarios Terra de Melide contará coa participación da candidata a Miss España Silvia de Vidal. P4

MELIDE
Consternación pola morte de Xosé Domingos Fuciños, "Mingos" P11

COMARCA
Empresas de Santiso benefícianse das axudas de Medio Rural P14

CULTURA
O mundo da gaita homenaxea a José María Alfonso García, "Muíño" P19

ENTREVISTA



Fernando Garea, Ferretería Noguerol P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

28 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Agosto: un desempregado menos



Como cada mes de agosto agardamos con ansia a publicación dos datos sobre o turismo. Sempre son datos de récord, cada ano incluso mellores. Institucións e organismos apúranse a facer públicas as tan excepcionais cifras de visitantes. No caso de Galicia, e concretamente no de Melide, contamos co extra dos peregrinos que chegan ás nosas vilas por miles. Para que todos nos situemos, os datos publicados falan dunha afluencia de máis de dous millóns de visitantes a Galicia no que vai de ano. En Melide, a oficina de turismo de Furelos atendeu a 7.146 persoas dende que abriu as súas portas o pasado 11 de xullo. Todo perfecto se non fose por unha cuestión, o mínimo impacto que deixou o turismo na creación de emprego na comarca: un desempregado menos. Si, unha soa persoa en toda a comarca. Deixando a un lado o debate xurdido arredor da "turismofobia" e a necesidade de reordenar e frear a chegada masiva de visitantes, o verdadeiramente interesante sería coñecer datos concretos sobre o desembolso que os turistas fan nas nosas vilas e, ata que punto ese desembolso repercute realmente no pobo, porque a sensación é a de que o beneficio é sempre para os mesmos. Mentres os datos sobre o turismo non paran de medrar, os do paro semellan ser os dunha realidade paralela. En Melide, rematado o mes de agosto a cifra foi de 420 parados ao igual que no mes de xullo; Santiso ten 86 persoas desempregadas, dúas máis que no mes de xullo; o concello de Sobrado dos Monxes rexistrou 69 persoas desempregadas, unha menos que no mes de xullo, e en Toques a cifra total de parados foi de 53 persoas, ao igual que no mes anterior. Con isto, o número total de desempregados na comarca a finais de agosto é de 628 persoas, unha menos que no mes de xullo. Por non mencionar os datos estatais: unha subida do paro en máis de 46.000 persoas e a maior destrución de emprego para un mes de agosto dende o ano 2008. Ninguén discute sobre as vantaxes do turismo para os pobos pequenos (ainda que vendo os datos poidamos pensar outra cousa). Pero igual é hora de ir máis alá e afondar na realidade que deixan os visitantes nas vilas en canto a produtividade se refire. O turismo está ben, pero todo pasa. E para que un pobo medre non deberíamos depender só desta actividade. Urxe crear emprego e emprego de calidade, porque o turismo..., o turismo ao igual que os turistas, vai e ben.

Tribuna de opinión

Mercamelide..., si ou si

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Recentemente celebrouse a vixésima edición da feira de oportunidades de verán do comercio local de Melide, Mercamelide. Unha feira que, como o seu propio nome ben indica, é de oportunidades. Pero ademais diso tamén debería ser de colaboracións. Episodios vividos nesta edición como a falta de seguridade e de vixilancia tralo peche, ou a nula sinalización do evento onde tradicionalmente se facía (á entrada do pobo), fan pensar no escaso interese por parte de institucións como o Concello de Melide na celebración e promoción desta actividade. Poderíamos pensar que é porque non compensa, pero á vista están os resultados: a vixésima edición, 15 establecementos participantes e un volume de vendas similar ao de anos anteriores. Está claro pois que ao final... compensar si que compensa. Volvendo entón ao tema das colaboracións, igual é hora de ir pensando na creación dunha comisión xestora que implique unha maior participación de todos os sectores: asociación de empresarios, comerciantes e Concello, porque non se trata de que sexan sempre os mesmos os que carguen coa responsabilidade de organizar un evento que nos beneficia a todos e que, polo tanto, nos corresponde a todos. Deixemos de poñer barreiras a algo que funciona e que debería contar co apoio e implicación de todas as partes.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira Veiras
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Eva Novás, Soqui Cea, CC Xestión
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....8
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

A vixésima edición do Mercamelide de verán contou coa participación de 15 establecementos

Durante a fin de semana, que rematou cun balance semellante ao de edicións anteriores, repartíronse 450 euros en vales de compra e 1.000 xeados gratis

O Palacio de Congresos de Melide acolleu ao longo da fin de semana do 26 e 27 de agosto a vixésima edición da feira de oportunidades de verán do comercio local, Mercamelide. Durante dúas xornadas veciños e visitantes puideron facer as súas compras con descontos que chegaron a ser de ata o 80 por cento nalgúns dos casos. Nesta edición de verán foron finalmente 15 os comerciantes que participaron na feira de saldos xa consolidada, un número inferior con respecto ao Mercamelide de inverno, tal e como vén sendo habitual. Artigos de fogar, moble, utensilios para a cociña, decoración, deportes, perfumería, mercería, electrodomésticos, moda e complementos foron algúns dos sectores que acudiron á cita.

En canto aos horarios esta foi a primeira edición na que se realizou un horario partido. E é que o sábado abríronse as portas ás dez da mañá ata as tres da tarde, e de cinco da tarde a dez da noite. Pola súa banda, o domingo o horario foi de 10.00 a 15.00 horas e de 17.00 a 20.00 horas.





Durante o Mercamelide houbo tempo para comprar ao mellor prezo e para degustar xeados gratis

Balance positivo, aínda que con excepcións

Entre os comerciantes que aproveitaron para vender os seus excedentes de temporada, a maioría socios de Asetem, un balance positivo xa que o volume de vendas foi semellante ao de edicións anteriores. Non obstante, foron numerosas as queixas pola falta de seguridade á hora de pechar as instalacións. E é que por primeira vez, dende o Concello non se prestou o servizo habitual de seguridade que todos os anos vixiaba as instalacións fóra do horario de apertura. Do mesmo xeito, o domingo, xornada previsiblemente de maior afluencia, tampouco se colocou ningún indicador da celebración do Mercamelide nas rúas, tal e como se viña facendo en edicións anteriores.

450 euros en premios e 1.000 xeados gratis

Con todo, ao longo da fin de semana tamén se levaron a cabo numerosos sorteos en forma de vales de compra por un importe total de 450 euros. Os afortunados neste caso foron: Ana Carril Barreiro, Rober Pérez Ramos e Santiago Alonso Docampo, cun vale de 150 euros cada un. Ademais, entre o sábado pola tarde e o domingo todo o día repartíronse 1.000 xeados gratis entre os compradores que se decidiron a achegarse ata o Mercamelide.



ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

- MARVI LENCERÍA
- CALZADOS BROZ
- M & M MODA
- FROITAS NATI S. L.
- CALZADOS ROMERO
- MODAS ALFONSO
- SUMINISTROS I. CIRE
- PEQUENIÑOS ZAPATERÍA INFANTIL
- ELECTROSAN
- MAROCHA MODAS
- MIS MEJORES LABORES
- TU BOUTIK
- DEPORTES LÓPEZ
- COLORÍN COLORADO
- EL DÁNDOLO

ASETEM

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Na busca de melloras para o pequeno comercio

Os socios de Asetem participaron nunhas xornadas sobre calidade e competencia

Os pequenos comerciantes de Melide saben da importancia da calidade e da competencia nos seus negocios, por iso unha boa parte dos socios de Asetem veñen de asistir a unhas xornadas organizadas pola asociación de empresarios sobre a mellora destas condicións no comercio local.

Esta acción, que forma parte do plan de formación do CCA Terra de Melide para mellorar a competencia e potenciar o tecido empresarial existente, tivo como obxectivo concienciar aos establecementos pertencentes ao CCA sobre a importancia de ofrecer un servizo de calidade que satisfaga as expectativas dos clientes, pretendendo acadar así un compromiso coa calidade e coa mellora continua.

As xornadas, que foron gratuítas para os asistentes, contaron coa presenza de empresarios e traballadores de diferenes sectores comercias que quixeron coñecer máis nocións sobre como mellorar a súa presenza no actual mercado. Pero tamén foron dirixidas a emprendedores e desempregados que pensan en poñer en marcha un comercio.


Empresarios de Melide asistentes á primeira das xornadas

Contidos

Entre os contidos que se impartiron durante o curso destacan algúns como as claves para ser competitivo no comercio, algunhas das normativas relacionadas coa calidade de servizo para o pequeno comercio, outro tipo de normas de calidade e medio ambiente vixentes, e diferentes experiencias de éxito ao alcance de todos a modo de exemplo. Para que todos nos entedamos, aspectos tan sinxelos e tan cruciais á vez como o aspecto persoal e a imaxe do vendedor ou vendedora, como atender aos clientes que sempre poñen obxeccións ou a importancia da credibilidade do negocio e do trato persoal cos traballadores.

A Xunta de Galicia colaborou na organización das xornadas a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Asetem organiza un curso de extinción de incendios

Os vindeiros xoves 28 e venres 29 de setembro a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem), organiza un curso sobre extinción de incendios. Trátase de dúas xornadas cunha duración total de 10 horas repartidas en dúas tardes, en horario de 16.00 a 21.00 horas. A parte teórica impartirase nas instalacións da asociación, mentres que a parte práctica levarase a cabo no polígono industrial da Madanela, en Melide. Entre os contidos do curso figuran temas como a "Teoría do lume", "Medios móbiles de extinción", "extintores" ou "Medios de extinción" e "Equipos de respiración autónoma". Xa na parte práctica manexaranse diferentes útiles para combater o lume.

A pasarela de outono "Melide está de moda" celebrarase o 14 de outubro

Coa chegada do outono á volta da esquina regresa a Melide un dos grandes clásicos en canto a moda se refire. Trátase da pasarela de outono "Melide está de moda"que a Asociación de Empresarios Terra de Melide organiza co obxectivo de dar a coñecer as mellores propostas e novas coleccións do comercio local para a tempada outono-inverno.

Este ano será o vindeiro 14 de outubro a partir das 18.00 horas na Casa da Cultura cando os establecementos asociados amosen o mellor do seu xénero: calzado e moda para todas as idades. O prazo de inscrición para as tendas que queiran anotarse ao desfile estará aberto ata o 21 de setembro.


A candidata a Miss España Silvia de Vidal desfilará na pasarela

Novidades

Esta edición chega ademais repleta de novidades. A primeira delas o maior aforo co que contará o desfile ao organizarse nunha Casa da Cultura completamente reformada e ampliada. Ata 500 persoas poderán gozar coa presentación das novas coleccións. Pero o máis destacado este ano será a organización de dúas xornadas previas á pasarela consistentes nun obradoiro no que os máis pequenos e tamén os maiores aprenderán a desfilar. Estas xornadas de formación terán unha duración de dúas horas e celebraranse ás sete da tarde os venres anteriores ao evento; é dicir, os días 6 e 13 de outubro na Casa da Cultura. E non rematan aí as sorpresas xa que o día da pasarela desfilará tamén a modelo profesional e candidata no seu día ao certame de beleza Miss España, Silvia de Vidal, encargada tamén de impartir os cursos. "Melide está de moda" é unha iniciativa xurdida a proposta dos propios comerciantes asociados e que Asetem apoiou dende o primeiro momento. Coa deste ano van xa tres edicións.

O 'Bono Asetem' repartirá 1.000 euros entre as familias numerosas

A Asociación de Empresarios Terra de Melide ten en marcha un ano máis a campaña do 'Bono Asetem' cunha importante novidade para esta edición. E é que desta volta sube considerablemente o desconto aplicado. Así, por compras superiores ou iguais a un importe de 40 euros realizarase un desconto de 10 euros na seguinte compra. A campaña, que está dirixida a familias numerosas co obxectivo de facer un pouco máis doada a volta ao cole, repartirá deste xeito uns 1.000 euros en 100 bonos de dez euros no período comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de outubro, podendo ampliar a campaña en función da súa acollida. En canto ao funcionamento, este ano é moi semellante ao de edicións anteriores. Pais e nais de familias numerosas están sendo informados nos comercios asociados a Asetem da campaña, e para beneficiarse da mesma tan só teñen que recoller o bono nas oficinas da asociación de empresarios presentando o ticket de compra e o carné de familia numerosa. Unha vez recollido, o bono-desconto faise efectivo na seguinte compra realizada en calquera dos establecementos socios de Asetem.



DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodegas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Disfruta
Rda. da Coruña, 18
606 97 04 98
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Magnín
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Medusa Moda
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Parafarmacia Cantón
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Rubén Pacior S.L.
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka
San Pedro, 5
881 97 58 62
Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
Stardemoda
San Pedro, 10
981 50 65 12
Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 05 63 94
Xebre
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31
Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71
Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00

HOSTALERÍA

Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
626 89 49 88
Dúas Rúas
Rúa Principal, 5
600 69 99 44
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Ana Mato e Iria Expósito avogadas
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
605 270 282
671 833 4258
Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Eva Novás Mato avogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
Fisioterapia Lili
San Pedro, 16
981 50 72 06
Hardgalicia - "R"
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Mofitel Comunicac.
Santiago de Compostela
693 62 21 85
Perruquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Desguaces Lual
O Coto (Melide)
981 50 73 52
Melicar
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

SUBVENCIÓNS E AXUDAS DE INTERESE PARA OS ASOCIADOS

AXUDAS PARA AMPLIAR A REDUCIÓN DAS COTAS DA SEGURIDADE SOCIAL (DOGA Nº 160 DO 24 DE AGOSTO DE 2017)

· **Obxeto:** Manter a tarifa plana de 50€ de cota de autónomos durante os meses que van do 7 ao 12 de alta.
· **Beneficiarios:** Persoas traballadoras que estean de alta no réxime de autónomos, e que estean ou estivesen acollidos á tarifa de 50 € durante os 6 primeiros meses de alta.
· **Requisitos:** Rematar a tarifa de 50€ no exercicio 2017, realizar a actividade en Galicia e manter as condicións que deron lugar a esta tarifa de autónomos.
· **Contías:** A diferenza entre o que se paga de cota de autónomos entre os meses 7 e 12, tendo en conta a base mínima de cotización, e 50 €. Aproximadamente 500 euros para o exercicio 2017.
· **Incompatibilidades:** Esta axuda é incompatible con calquera axuda de incio de actividade, entre elas coa de promoción de emprego autónomo, programa emega, etc.
· **Prazo de solicitude:** Ata o 30/09/2017

INCENTIVOS Á CREACIÓN DE EMPREGO E INCREMENTO DA ESTABILIDADE LABORAL (DOGA Nº 153 DO 11 DE AGOSTO DE 2017)

· **Beneficiarios:**
- Persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, que contraten persoal para prestar servizos en centros de traballo de Galicia.
· **Prazos de solicitude:**
- Para as contratacións subvencionables realizadas dende o 12/08/2017, o prazo de solicitude será ata o último día do mes seguinte á data de inicio da relación laboral subvencionable, como máximo ata o 30/09/2017.

· **Programa I: Programa de incentivos á contratación indefinida inicial**
- Incentivaranse a realización de contratos indefinidos iniciais, a tempo completo ou parcial, de persoas desempregadas maiores de 30 anos que esgotasen as prestacións por desemprego.
- Período de contratación: dende o 1/10/2016 ata o 30/09/2017.
- Debese incrementar o cadro de persoal fixo e o emprego neto da empresa respecto á media dos 3 meses anteriores á contratación.
- A xornada non poderá ser inferior ao 50%.
- Cuantía: entre 8.000 € e 20.000€ segundo o colectivo no caso de contratos a xornada completa. Para contratos a tempo parcial os importes prorratearanse en función da xornada.
- Obrigas entre outras: Manter no cadro de persoal á persoa contratada e o número de persoas traballadoras fixas durante 2 anos.

· **Programa II: Programa de incentivos á contratación de persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social**
- Incentivaranse a realización de contratos indefinidos iniciais, contratacións de caracter temporal e as transformacións de contratos temporais en indefinidos con persoas que estean en situación ou risco de exclusión social.
- Período de contratación: dende o 1/10/2016 ata o 30/09/2017.
- Cuantía: entre 2.500 € e 17.500€ segundo o colectivo no caso de contratos a xornada completa. Para contratos a tempo parcial os importes prorratearanse en función da xornada.
- Obrigas entre outras: Manter no cadro de persoal á persoa contratada e o número de persoas traballadoras fixas durante 2 anos nas contratacións indefinidas. Manter a persoa traballadora durante todo o contrato, no caso da contratación temporal. Manter no cadro de persoal fixo as persoas subvencionadas, no caso de transformación de contratos temporais en indefinidos.

Información elaborada por CC Xestión
Rúa Otero Pedrayo, 10 - Melide

POR SER DE XUSTIZA

A gravación das conversacións como medio de proba



Eva Novás
Avogada

Unha das dúbidas máis habituais dos clientes á hora de preparar a súa defensa é se poden gravar conversacións e aportalas como medio de proba nun procedemento xudicial. Tamén se, en caso de dispor de gravacións, poden aportalas sen incorrer nalgún tipo de infracción. Prodúcese o temor lóxico a que gravar e aportar as imaxes ou as conversacións constitúa unha vulneración do dereito á intimidade, das normas de protección de datos ou do secreto das comunicacións.

En ocasións, a gravación dunha conversación é a única proba ou a proba decisiva para a defensa. Non sempre as relacións entre as partes quedan plasmadas por escrito, xa sexa por confianza excesiva, por falta de previsión ou de asesoramento previo ou, simplemente, porque non convén que quede constancia do que se di. Pensemos en conflitos familiares e pactos que se acadaron de forma verbal cando a relación era boa e se confiaba na palabra dada. Ou no ámbito penal, en delitos como as ameazas ou as coaccións. Ou incluso en casos de acusacións e denuncias falsas. Tamén, e especialmente, no ámbito laboral. Moitas veces, a gravación é o único medio do que dispón o traballador para probar un incumprimento do contrato por parte da empresa, unha situación de acoso laboral ou incluso a percepción de salarios e cantidades en diñeiro negro.

Pois ben, a resposta nestes casos é que si se poden gravar as conversacións e si poden constituír proba en xuízo. Sempre e cando se dean unha serie de requisitos imprescindibles para que sexa unha proba válida e non supoña unha vulneración de dereitos fundamentais que poida derivar en consecuencias máis negativas que as que se pretenden evitar ca propia gravación. E requisito imprescindible, segundo está establecido tanto polo Tribunal Constitucional como polo Supremo, é que a persoa que grava sexa parte nesa conversación, un partícipe, e que nunca se trate da gravación dunha conversación allea, pois este tipo de intervención precisa de autorización xudicial para que se realice con todas as garantías. No caso de interceptar e gravar conversacións alleas, si se produciría unha vulneración do dereito fundamental á intimidade.

Sen embargo, se quen o fai é parte na conversación, a gravación é perfectamente legal aínda que a outra parte non fose informada ou non prestase o seu consentimento. Aínda así, existen límites ó uso que se pode facer das gravacións, se este uso excede do razoable. Por exemplo, se en lugar de destinarse a facer proba nun procedemento xudicial, se usa para difundila en redes sociais co afán de expoñer a intimidade da outra persoa ou vulnerar o seu honor.

No ámbito laboral ás veces estes límites son máis difusos, se ben a norma xeral é a mesma, con independencia de que se trate dun compañeiro ou ou dun xefe ou superior xerárquico: que o que grava sexa partícipe da conversación. Ademais, convén que se produza no lugar de traballo e no ámbito dunha conversación na que se estean tratando asuntos laborais. E en ningún caso se necesita a autorización do outro porque se entende que cando conversamos, transmitimos voluntariamente ós nosos interlocutores información, opinións ou confidencias, debendo facernos responsables do que falamos, polo que poderá ser usado pola persoa á que llo transmitimos. Somos, como di o refrán, donos do que calamos e escravos do que dicimos.

Eva Novás Mato **Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE**
Avogada **Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18**

NOVAS SOCIAS EN ASETEM

TANIA MOURAZOS, PASARELA MODA

“O trato cos nenos e ver a súa ilusión é o mellor deste traballo”



Tania Mourazos con un dos modelos de Pasarela Moda

- Como se decidiu a emprender?

- Tania Mourazos (T.M.): Pois estou onde estou hoxe en día máis ben de casualidade. Fai tempo estudei un Ciclo Superior de Xestión Comercial e Marketing e un dos sitios onde me tocou facer as prácticas foi en Pasarela Moda. Deuse a casualidade de que nese tempo a que entón era a miña xefa quería traspasar o negocio e foi cando me ofreceu a min a posibilidade de continuar con el. Dende entón sigo coa tenda.

- A que sector está dirixido Pasarela?

- T.M.: Abarcamos un sector bastante amplo xa que, ademais de ter roupa informal de home e muller, tamén temos una sección dedicada a traxes de comuñón e vestidos de festa.

- Que moda podemos atopar en Pasarela?

- T.M.: Con respecto á sección informal, tanto de home como de muller, temos pantalóns vaqueiros, camisetas, “sudaderas”, vestidos e algún complemento como calzado e bolsos. E na sección de festa temos vestidos, tanto largos como curtos ata o talle 62, e vestidos e traxes de comuñón para nenos e nenas.

- Que tendencias se van a levar de cara ao outono-inverno?

- T.M.: Con respecto ao colorido veremos moitas tonalidades en rosa pau, unha cor que é máis ben típica do verán, pero que este ano triunfará en inverno. Atoparémonos tamén con verdes escuros e morados, pero sen faltar as cores básicas como son o marrón tostado, o negro ou o gris. E xa en canto a estilos predominarán os cadros, os “flecos” e as “mangas abullonadas”.

- Que vantaxes ten para vostede o pequeno comercio local?

- T.M.: Sobre todo o trato coa xente. Estamos nun sitio onde todos nos coñecemos e onde colles amizade coa xente que te visita. De feito, hai moita xente que vén só nas vacacións e que te das conta que volve ano tras ano a visitarte.

- Que é o mellor do seu traballo?

- T.M.: Isto xa é máis ben una opinión persoal, pero eu quedaríame sen dúbida coa venda de vestidos de comuñón, o trato cos nenos e ver a ilusión que teñen. Para min iso é o mellor que hai.

ANA MATO E IRIA EXPÓSITO, AVOGADAS

“O secreto profesional é un piar básico na relación co cliente”

Unha vez rematada a carreira de dereito e, Iria tamén a de criminoloxía, mentras Ana se especializou en violencia sobre a muller e en dereito de estanxeiría, empezaron a súa andaina en varios despachos da Coruña e de Lugo. Foi nesta última cidade onde ambas coincidiron no mesmo despacho en 2015 e, debido a que compartían vocación e forma de entender a avogacía, decidiron montar o seu propio despacho. Actualmente teñen oficinas en Melide e en Lugo e colaboran con outros bufetes.



Ana e Iria contan con despachos en Melide e en Lugo

- Que servizos ofrece o seu bufete?

- Ana Mato e Iria Expósito (A.M./I.E.): Ofrecemos un servizo de asesoramento e representación legal. Abarcamos o ámbito do dereito civil referente á familia (divorcios, custodias, incapacidades), herdanzas e sucesións, accidentes de tráfico, reclamacións de cantidade, contratos e desafiuzamentos. No ámbito administrativo: reclamacións patrimoniais frente á administración, multas e sancións, etc. Dentro do laboral: despedimentos, reclamación de salarios, pensións e incapacidades. E calquera tema dentro do ámbito penal e de estranxeiría. En resumo, levamos temas de diversa índole como dereito civil, penal, laboral, administrativo e bancario.

- Cales son as demandas máis frecuentes dos seus clientes?

- A.M/I.E.: Normalmente o cliente chega ao noso despacho cun alto grado de preocupación, por iso intentamos darlle unha solución a dito problema o máis rápido posible. A maioría das veces veñen buscando un asesoramento ou unhas pautas a seguir para dar coa mellor solución.

- Lembran algunha anécdota curiosa?

- A.M./I.E.: Nesta profesión anécdotas hai cada día, pero ímolas deixar dentro do secreto profesional, xa que este é un piar básico na relación avogado-cliente.

- Que é o mellor e o peor do seu traballo?

- A.M./I.E.: O mellor dende logo é poder traballar no que realmente nos apaixona, xa que hoxe en día iso é un luxo. A vocación na avogacía é moi importante. Iso sí, a miúdo tamén levamos os problemas do despacho para a casa. E non hai horarios, moitas veces é o cliente quen os marca ou o número de expedientes que teñas encima da mesa.



Os veciños denuncian as dificultades para acceder aos expedientes da biomasa

Na última reunión acordaron constituír unha asociación veciñal para "traballar polo ben común"

Tralo coñecemento da renuncia á subvención do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), por parte da empresa Medancli Energía para poñer en marcha unha rede de calor por biomasa no municipio de Melide, a plataforma veciñal que denunciou irregularidades no proxecto mantivo outra reunión cos veciños para informar dos últimos movementos a seguir.

En dita reunión púxose de manifesto a satisfacción acadada pola paralización das obras conseguida "grazas á unidade veciñal", e denunciouse a "falta de transparencia e as dificultades para acceder á información no Concello e no INEGA". Representantes da plataforma explicaron que lles chegaron a dicir que "no Concello faltan documentos porque a xente está de vacacións, e no INEGA non tivemos acceso por estar o expediente arquivado". Do mesmo xeito denunciaron o "despotismo e as faltas de respecto dos gobernantes municipais cos veciños e o medo a que a xente estea informada", posto que moitos dos carteis que anuncian as xuntanzas veciñais son arrincados ás poucas horas de colocalos. "Os carteis non aguantan dúas horas pegados e iso é un ataque á liberdade de expresión e de información dos veciños", manifestaron membros da plataforma.

Por outra banda, dende a plataforma consideraron que as alegacións presentadas pola empresa Medancli para renunciar á subvención "fannos pensar que é algo temporal e que non perderon interese no proxecto". Con todo isto, a plataforma acadou o compromiso de "constituír unha asociación veciñal aberta a todo o mundo que sirva de canle comunicativa entre os veciños para seguir traballando polo ben común".

Goberno e oposición, enfrontados

Dende a oposición do Concello de Melide valoraron tamén os últimos acontecementos en relación ao proxecto da biomasa.

Así por exemplo, o PSOE de Melide considerou "unha burla ao pleno e aos cidadáns a resposta dada polo INEGA ao requirimento de información sobre o proxecto, conseguindo aumentar as dúbidas sobre este asunto e a demanda de explicacións". E é que a resposta do organismo pertencente á Xunta de Galicia foi "un simple folio cun relato cronolóxico de actos documentais dos que xa se ten constancia, e que para nada reflicte a información solicitada".


(cedidas)
Un momento da última xuntanza veciñal e cartel como os arrincados



Pola súa parte, o BNG denunciará no Parlamento as irregularidades do proxecto que se ía implantar en Melide e esixirán a comparecencia do director xeral de Enerxía, Ángel Bernardo Tahoces.

Mentres tanto, dende o Partido Popular de Melide defenderon a xestión do goberno local neste asunto, e puntualizaron que están a disposición dos veciños "pensando no futuro, traballando no presente e non en cousas que xa están resoltas nas que só se pretende deformar a realidade, posto que o INEGA, feita a solicitude polo Concello de Melide, concluíu que este proceso foi arquivado e que a empresa renunciou á axuda concedida".

Medancli abandona o proxecto da biomasa en Melide e aclaran que a licenza non está suspendida

Dende a empresa Medancli Energía, promotora do proxecto da rede de calor por biomasa en Melide, están procedendo a comunicar aos veciños de xeito oficial a través dun escrito, a súa renuncia ao proxecto que se ía instalar na vila. En dito escrito explican que "a decisión vén imposta pola paralización das obras por parte do Concello de Melide, o que lles imposibilita cumprir co prazo de execución imposto pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Enerxético de Galicia". Dito prazo remata o vindeiro 15 de outubro. Do mesmo xeito, "lamentan a perda do proxecto para Melide"; un proxecto que din, trasladarán a outros municipios. Agradecen tamén aos veciños "a confianza e o apoio depositado na empresa a través das solicitudes de adhesión" ao sistema da rede de calor e lembran que en ningún caso ditas solicitudes implicasen algún tipo de obriga por parte de quen a subscribiu. "Os datos recollidos nesas solicitudes eran simplemente informativos e acreditativos do interese dos veciños, non eran contratos de subministro que, de non haber mediado a paralización e renuncia, teríanse formalizado unha vez que o sistema estivese funcionando".

Sen noticias do Concello

A maiores do escrito dirixido aos veciños, dende a empresa quixeron deixar claro en todo momento que "as obras atópanse paralizadas, pero que en ningún caso o Concello lles suspendeu a licenza". Ademais, din que dende o pasado 19 de xullo, día no que o Concello de Melide lles comunicou a paralización, non teñen ningunha outra notificación nin coñecemento algún sobre como se atopan os trámites. "Presentamos as alegacións correspondentes á paralización e, o único que sabemos dende o 19 de xullo é o que coñecemos a través dos medios de comunicación, por iso abandonamos o proxecto, porque xa é imposible cumprir os prazos de execución. Pero a licenza a nós, non nola anularon en ningún momento". En canto aos seguintes pasos a dar, dende a empresa aseguran que procederán ao arranxo das estradas onde se atopan as tubaxes do proxecto "cando teñamos algunha notificación ou contestación por parte do Concello, mentres non podemos facer nada", conclúen.



Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

SAN ROQUE 2017

Dez días de festa con actividades para “case todos” os gustos

Ao longo de dez días Melide celebrou por todo o alto o San Roque. Un mercado medieval, música a cargo de orquestras e dous concertos estrela foron algunas das actividades máis destacadas. Pola súa banda, a afluencia de xente á vila durante as festas foi moi semellante a anos anteriores aínda que entre algúns hostaleiros a sensación foi dunha afluencia un pouco menor.

Durante os primeiros catro días o casco antigo do concello de Melide converteuse nun mercado medieval con actividades varias e numerosos postos gastronómicos e de artesanía, para dar paso ás celebracións propiamente ditas do San Roque. Un concerto de Heredeiros da Crus, as actuacións das orquestras máis recoñecidas no panorama actual galego como a París de Noia, o Combo Dominicano ou a Panorama, ou o concerto do cantante venezolano Carlos Baute foron dos actos máis concorridos. Pero tamén houbo tempo para outro tipo de eventos. Así por exemplo, organizouse unha edición máis do ‘Día da bici’ no que participaron máis de 200 persoas, o ‘Día do neno’ e o ‘Día do río’ (festa campestre que ten lugar na área recreativa do río Furelos). Durante os dez días de troula tampouco faltaron actuacións musicais como as dos grupos locais Cuarta Xusta, Leirabuxo e Herba Grileira; diferentes bandas de música, a actuación da Coral Polifónica de Melide na igrexa parroquial ou o concerto da Orquestra de Cámara Galega na praza do Convento.

Organizado pola Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional tamén tivo lugar durante a última xornada de festas, o XI Campionato de Tirapedras da Galiza central na Praza das Ichoas, un campionato no que participaron medio cento de tiradores.

Certo malestar entre hostaleiros

Algúns comerciantes puxeron de manifesto o seu malestar coa celebración do mercado medieval nunhas datas nas que Melide conta xa de por sí cun elevado número de turistas e visitantes, en vez de organizalo noutros momentos nos que o pobo necesita máis afluencia de xente. Pola súa parte, algúns hostaleiros botaron en falta actividades para entreter ao público en horario de tarde e criticaron o feito de que algúnhas actuacións rematasen moi cedo e sen outra actuación prevista, provocando iso que a xente marchase da vila.



O Mercado Medieval desenvolveuse ao longo de catro xornadas repletas de actividades



No ‘Día da bici’ participaron arredor de 200 persoas de todas as idades



O concerto da Orquestra da Cámara Galega foi dos máis aplaudidos



Un valado protexeu o cruceiro de Melide, o máis antigo de Galicia



Un momento da actuación da Coral Polifónica de Melide





Fotos: Concello de Melide

As actuacións estrela deste San Roque 2017 foron os multitudinarios concertos que ofreceron o grupo galego Heredeiros da Crus e o cantante venezolano Carlos Baute

Iníciase a segunda fase da rehabilitación de 23 vivendas de promoción pública

As obras teñen un prazo de execución de tres meses polo que estarán rematadas a comezos de 2018

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, anunciou durante unha visita a Melide a licitación da segunda fase das obras de rehabilitación de 23 vivendas de promoción pública situadas na rúa José Cándido Ares, por un investimento de máis de 426.000 euros.

A titular do departamento explicou que estes traballos forman parte do proxecto de rehabilitación e mellora de 43 vivendas de promoción pública construídas pola Xunta en Melide, no que se están a investir 680.000 euros.



Ethel Vázquez visitando as vivendas coa alcaldesa de Melide

Actuacións en dúas fases


Estas actuacións desenvolveranse en dúas fases e consistirán, fundamentalmente, no illamento térmico das fachadas destes dous edificios co obxectivo de mellorar, a lo menos nun 20%, a súa eficiencia enerxética.

No mes de abril xa se licitaran as obras correspondentes a unha primeira fase, en 20 vivendas de promoción pública nos bloques 4, 5 e 6. Neste mes de setembro, está prevista a adxudicación destes traballos para inicialos, unha vez asinado o contrato, xa que teñen un prazo de execución de tres meses. Está previsto polo tanto que as obras remataten a comezos de 2018. As remodelacións levadas a cabo nas vivendas teñen como obxectivo facer os inmobles máis eficientes dende o punto de vista enerxético e máis sustentables dende o punto de vista medioambiental.

Durante a súa visita Ethel Vázquez estivo acompañada pola alcaldesa de Melide, Dalia García, entre outros membros da corporación.

Pesar en Melide pola morte de Xosé Domingos Fuciños, "Mingos"

Pesar na vila de Melide polo falecemento de Xosé Domingos Cidre-Bastián Fuciños Gómez, máis coñecido como "Mingos", aos 67 anos de idade. Exconcelleiro en Melide, activista cultural, membro cofundador do Museo da Terra de Melide, investigador da historia local, músico e, por encima de todo un gran promotor da cultura de Melide. Numerosas agrupacións e asociacións, así como personalidades da vida política e cultural de Melide amosaron as súas condolencias polo seu pasamento. "Mingos de Pita", como o coñecían na vila, destacou polo seu intenso labor social, cultural e político. Foi concelleiro do partido independente Unidade dos Veciños e máis tarde do BNG. Xunto ao Museo da Terra de Melide tamén creou a asociación do mesmo nome e participou en outros proxectos e colectivos tales como O Castro, Castro da Graña de Toques, Froito Novo, Axóuxere, además de en multitude de iniciativas cidadás. Casado e con dúas fillas, Xosé Domingos deixa un legado cultural difícil de superar.



(cedida)

FOTODENUNCIA: CAMIÑOS... AO NATURAL







Pasear pola natureza é unha das actividades máis pracenteiras que hai; camiñar polo rural rodeados de carballos, contemplar a paisaxe, respirar arie puro... Mais en ocasións, tamén pode chegar a converterse nun problema. Isto é o que denuncia un dos usuarios da estrada que transcorre entre Ribeiro (Melide) e Villamor (Toques), na que algúns dos seus treitos están totalemente cubertos coas pólas dos carballos. A invasión dos ramallos dificulta en ocasións a visibilidade dos condutores poñendo en perigo a seguridade viaria, ademais de causar danos e estragos nos vehículos. A natureza é fermosa, si, pero cando nos invade deste xeito tamén se fai necesario frear o seu avance. Limpar e acondicionar os camiños debería ser unha tarefa de obrigado cumprimento por parte de quen corresponda, ben sexan os propietarios das fincas ou os organismos oficiais competentes.

Subvención para o Museo de Melide

O Museo da Terra de Melide – Centro de Estudios Melidenses é unha das preto de trinta entidades sen ánimo de lucro que recibirá unha subvención da Deputación da Coruña. A área de Cultura do organismo provincial fixo públicas as axudas concedidas, que neste caso é de 23.296 euros para o funcionamento do museo de Melide. Trátase da entidade cultural que máis fondos recibirá da Deputación da Coruña; unha forma de apoiar economicamente á galería que tamén desenvolve as tarefas de oficina de turismo.

Melloras no polígono da Madanela

O polígono industrial da Madanela, en Melide, é un dos 14 parques empresariais da provincia da Coruña que recibirá unha axuda da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a realización de certas melloras. A subveción é de 47.508 euros. Con estas achegas o ente autonómico persegue, entre outras cousas, que os polígonos melloren as infraestruturas viarias, a dotación de servizos centralizados de xeración e subministración de enerxía, a depuración de augas, a xestión de residuos e as instalacións de sistemas de seguridade e vixilancia.

Melide terá 2.000 horas máis para o servizo de axuda a dependentes

O Concello de Melide vén de recibir por parte da Consellería de Política Social un incremento de 2.246 horas de Axuda no Fogar para a Dependencia. Este incremento, o segundo que se produce neste mandato municipal, servirá para reforzar as horas de axuda á dependencia que xa xestiona o Concello de Melide supoñendo un incremento no financiamento anual do servizo de máis de 21.300 euros.



En canto o trámite administrativo estea finalizado o Concello de Melide pasará a ser un dos lugares onde máis dependentes poidan desenvolver a súa vida no fogar, cuestión prioritaria ao tratarse de persoas que se atopan en idades avanzadas e con forte apego ao territorio.

Curso de Dinamización Comunitaria para desempregados

As instalacións da Cooperativa Melisanto de Melide son o lugar elixido para levar a cabo un curso con Certificado de Profesionalidade de nivel 3 que se enmarcará na Dinamización Comunitaria. Dentro dos contidos desta formación atópanse os de programar, organizar, dinamizar e avaliar actuacións de intervención social encamiñadas ao desenvolvemento da participación cidadá e á articulación dos procesos comunitarios. Será un curso con formación teórica e práctica, no que o alumnado nesta última fase, poderá poñer en marcha os contidos aprendidos. Terá unha duración de 610 horas, das cales 490 horas serán teóricas e 120 horas serán prácticas. O horario no que se levará a cabo o curso será de mañá e a organización corre a cargo da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA. Para recibir máis información, os interesados poden achegarse ata o departamento de Orientación Laboral do Concello de Melide ou á Oficina do Servizo Público de Emprego.

O Concello de Melide concederá unha axuda de 300 euros por nacemento

Con estas achegas, que xa están en vigor, preténdese fomentar a natalidade e fixar poboación no municipio

O Concello de Melide concederá unha pequena axuda de 300 euros por cada nacemento neste 2017. Trátase dunha medida social impulsada polo goberno local para incentivar a natalidade na vila; unha liña de axudas que xa está en funcionamento durante este mesmo mes de setembro. A partida destinada nos orzamentos do Concello a estas subvencións é de 15.000 euros .



A partida orzamentaria destiana a estas axudas é de 15.000 euros

Requisitos

En canto aos requisitos necesarios para optar a esta achega figuran o de empadroar ao neonato no Concello de Melide xunto con un dos seus proxenitores, que a súa vez deberá figurar como empadroado na vila un mínimo de seis meses.

Ademais, o feito de recibir a axuda de 300 euros obriga a inscribir ao neno no padrón de habitantes do Concello, onde deberá permanecer, ao igual que un dos seus proxenitores, un mínimo de catro anos.

O Departamento de Servizos Sociais será o encargado de xestionar os expedientes ata que se esgote a partida.

A medida persegue un dobre obxectivo. Por un lado fomentar a natalidade e por outro fixar poboación no municipio, loitando contra o reto da despoboamento que sofren actualmente moitas vilas de Galicia.

Melide, vila solidaria

Mellores son os datos que sinalan a Melide coma un dos Concellos máis solidarios. E é que segundo se desprende dun informe do Centro de Transfusión de Sangue de Galicia, en Melide realizáronse 83 doazóns por cada mil habitantes durante o pasado ano. Este organismo establece entre 40 e 60 o número idóneo de extraccións voluntarias de sangue ao ano, indicador que supera o municipio de Melide. Durante o pasado mes de xullo foron 111 as persoas que acudiron a doar, 13 das cales o fixeron tamén por primeira vez.

Augas de Galicia efectuará unha limpeza no río Furelos



As marxes do río Furelos á altura de San Xoán serán obxecto dunha actuación de mantemento e limpeza de maleza e retirada de árbores, co fin de mellorar o canle e o leito do río. Esta actuación foi solicitada pola rexedora de Melide, Dalia García, quen o pasado mes de maio visitou con técnicos da consellería de Medioambiente o treito do río. Durante a visita amosoulles aos mesmos a necesidade dunha limpeza nas marxes á altura da ponte románica, xa que a proliferación de maleza e de árbores caídas é unha cuestión que necesitaba dunha actuación inmediata. Pola súa banda, dende o organismo autonómico informaron ao Concello de que durante o mes de setembro procederase a unha limpeza exhaustiva nesta contorna do río.

Compartir experiencias cos maiores

Melide Social é o novo programa de voluntariado que se está a levar a cabo no centro social de Melide, e que ten como público obxectivo dúas franxas de idade aparentemente antagónicas: os mozos e mozas maiores de 16 anos, e ata 30, xunto cos maiores, os socios e socias do centro social de Melide. Dende agosto, un grupo de cinco voluntarias fai labores de dinamismo e acompañamento social con todos e todas aquelas que se achegan ao centro. O fin non é outro que o de compartir experiencias variadas. A partir de setembro comezarán as andainas saudables, así como xogos de psicomotrocidade que melloran o benestar dos maiores, ao mesmo tempo que se traballan cualidades non formais para os máis novos. Este programa de voluntariado vense desenvolvendo de maneira ininterrompida no Concello de Melide, aínda que neste 2017 cambiou de temática para centrarse na terceira idade. A Dirección Xeral de Xuventude colabora co Concello de Melide cunha subvención de 4.000 euros, a partires da cal os concellos poden ofertar prazas de voluntarios. Ao final do programa, os voluntarios obterán un diploma acreditativo.

Máis de 300.000 euros para o arranxo da ponte Mazaira que une Melide e Toques

A alcaldesa de Melide, Dalia García, xunto co alcalde de Toques, José Ángel Penas e a conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, asinaron un convenio de colaboración para renovar a ponte sobre o río Furelos que comunica ambos concellos; unha actuación que suporá un investimento de máis de 300.000 euros. A titular de Medio Rural explicou que o arranxo deste viaduto, localizado no lugar de Mazaira, é unha reivindicación histórica dos veciños e usuarios da zona, en especial dos pescadores de troitas do río Furelos. Pola súa parte, a reforma consistirá no levantamento dunha nova estrutura cunhas dimensións de máis de dez metros de longo e seis de ancho. Está previsto que as obras comecen ao longo deste mes de setembro e que teñan un prazo de execución de tres meses. Ademais da inversión de 300.000 euros, a Xunta de Galicia tamén contempla o acondicionamento dos accesos. A ponte sobre o río Furelos foi deseñada para "soportar o tráfico de turismos, camións e maquinaria agrícola", tal e como explicou durante a firma do convenio o director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Pérez Dubois. "A estrutura tamén está pensada para o tránsito do gando para evitar así un traxecto maior ou que os tractores e os animais atravesen polo río", engadiu a conselleira de Medio Rural.



A coñecida como ponte Mazaira atópase en estado ruinoso

Acondicionamento de pasarelas e 200 quilos menos de lixo no río Furelos







Voluntarios durante a recollida de lixo no río Furelos e arranxando e acondicionando as pasarelas

O pasado sábado día 26 de agosto deron comezo as XIII Xornadas de Limpeza do río Furelos organizadas pola Asociación de Troiteiros Río Furelos. Tal e como estaba previsto os 24 voluntarios desta quenda foron limpando o río dende a ponte Mazaira en Melide, ata a ponte da Fraga en Toques, cun percorrido aproximado de 6,3Km. Durante o traxecto recolleron uns 100 quilos de lixo, predominando unha gran cantidade de cordeis, plásticos de silos, latas, botellas e roupa. Como anécdota destaca un chupete dun bebé, unha tixola e dúas potas. "Tamén puidemos comprobar como se fai captación de auga do río Furelos de maneira ilegal, feito que xa foi comunicado a Augas de Galicia e ao Servizo de Conservación da Natureza", explicaron dende a Asociación. Pola súa parte, durante a segunda xornada de limpeza, que tivo lugar o pasado día 2 de setembro, realizaron tarefas de mantemento nas pasarelas do río Furelos e afluentes. "Reforzáronse as mesmas, repuxéronse táboas en mal estado e acondicionamos a zona". Xa na última xornada, que tivo lugar o 9 de setembro, realizouse un percorrido de 6 km entre a Ponte Romana de Furelos e a Ponte Mazaira e recolléronse outros 100 quilos de lixo. Unha vez rematado o día xuntouse todo o lixo e trasladouse ao punto limpo do concello de Melide. Dende a organización destas xornadas, nas que participaron en total 73 voluntarios, felicitaron a todos os asistentes polo seu labor e tamén "pola concienciación dos veciños, o maior respecto polo medio ambiente e o pouco lixo recollido", concluíron.

CURSOS PARA DESMPREGADOS EN MELIDE

O concello de Melide é un dos municipios onde se van impartir cursos para desempregados, dentro das accións para este colectivo que vai desenvolver a área formativa da comarca de Santiago. Esta iniciativa conta co obxectivo de seguir incrementando a ocupabilidade das persoas sen un traballo, facilitándolles o seu acceso ao mercado laboral. A convocatoria destes cursos é por primeira vez plurianual (2017-2018), o que posibilitará que se imparta unha formación máis completa. Así mesmo, este ano dáse máis relevancia ás especialidades con maiores índices de inserción laboral, como por exemplo os cursos relacionados coa Industria 4.0 e os que se vinculan coas competencias de idiomas, ofimática, tecnoloxías da información e comunicación, coñecementos financeiros, xurídicos e do funcionamento das administracións públicas. As accións formativas que se inclúen nesta programación diríxense con carácter preferente a persoas desempregadas que sexan mulleres -especialmente vítimas da violencia de xénero-, parados de longa duración, menores de 30, persoas con discapacidade, que teñan subscrito e vixente un itinerario personalizado de inserción, en risco de exclusión social, persoas con baixa cualificación e aquelas que teñan superados un ou varios módulos dun certificado de profesionalidade ou que obtivesen acreditacións parciais. Na actualidade estes cursos contan en xeral cunha media de inserción laboral do 56% e un 64% dos participantes soen atopar un traballo nos primeiros seis meses de rematar o curso. En ocasións, ademais, teñen a posibilidade de realizar prácticas non laborais.

PRAZAS LIBRES NA GARDERÍA DE SOBRADO

Dende o Concello de Sobrado dos Monxes están a facer promoción do seu servizo de gardería para os máis cativos xa que, a finais do mes de agosto aínda quedaban algunhas prazas libres para o curso 2017 - 2018. Trátase dunha gardería municipal adapatada aos nenos e nenas de 0 a 3 anos e con horario flexible. "Un lugar onde os nenos toman o seu primeiro contacto co mundo escolar e interactúan con iguais ao tempo que desenvolven habilidades cognitivas básicas", explican dende o Concello. As instalacións dispoñen de completas salas de xogo, dormitorio, aseo adaptado aos nenos, biblioteca e un exterior valado con múltiples funcionalidades e ata un pequeno horto no que os nenos aprenden ao tempo que gozan. As familias que xa empregan este servizo infantil poden acceder á escola e participar nas actividades cos nenos en calquera momento. En canto ao horario, a escola está aberta de oito e media da mañá a tres e media da tarde de luns a venres, aínda que tamén se pode adaptar ás necesidades de cada familia. Pola súa banda, as escolas infantís de 0 a 3 anos da rede da Galiña Azul, da Consellería de Política Social, iniciaron xa un novo curso escolar cun total de 8.023 nenos e nenas admitidos, dos que preto de 3.400 corresponden á provincia da Coruña. No caso de Melide, a escola infantil comezou o curso con 51 alumnos admitidos.

Máis de 100 beneficiarios nas axudas de Medio Rural ás empresas forestais

O Diario Oficial de Galicia publicou fai uns días a resolución das axudas concedidas pola Consellería do Medio Rural para investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais para o ano 2017. O número de beneficiarios é de 114 que recibirán unha achega total de case 9,6 millóns de euros. Unha das empresas beneficiarias destas axudas é a situada no concello de Santiso, Forestal Fragamoura S.L. O obxectivo principal desta liña de subvencións é fomentar a competencia do sector forestal, garantindo a xestión sostible dos recursos naturais e a acción polo clima. Os beneficiarios destas achegas son pequenas e medianas empresas do sector forestal radicadas en Galicia e inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor) que acreditaron a súa viabilidade económica, entre outros aspectos. Entre os investimentos que se poderán subvencionar están a maquinaria e equipos para o aproveitamento dos produtos forestais ata os custos relacionados coa mobilización, comercialización e transformación da madeira, ou a implantación de plans empresariais con criterios de xestión forestal sostible e axuda ás cadeas de custodia dos sistemas de certificación forestal. A axuda máxima por solicitante é de 150.000 euros.



Visita da conselleira de Medio Rural á empresa forestal de Santiso

“Excelencia na calidade hixiénica e sanitaria” dunha granxa de Santiso



Instalacións da granxa de Santiso que cumpre os requisitos para optar aos premios da Consellería

A Consellería de Medio Rural vén de convocar os premios á excelencia da calidade hixiénico-sanitaria de produtores de leite cru de vaca que recoñecerán a excelencia do seu proceso produtivo. O anuncio fíxoo a titular do departamento, Ángeles Vázquez, durante a súa visita a unha explotación de vacún de Santiso, integrada no Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada (Recaldi). Precisamente son as granxas inscritas neste rexistro as que poden optar a este novo galardón promovido pola Xunta en colaboración co Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal). As instalacións visitadas en Santiso, de Miguel Salgado, cumpren os requisitos para optar a este galardón, contan cun censo de 84 animais e a granxa está integrada na Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) Melisanto.

Condicións

En canto aos premios, distinguiranse as explotacións en tres categorías en función do seu tamaño (pequenas, medianas e grandes) e a súa vez estas subdividiranse cada unha delas en tres grupos segundo o sistema de produción. Recoñeceranse tamén especificamente as mellores explotacións ecolóxicas. Poderán optar a estes recoñecementos todas as explotacións leiteiras de gando vacún de Galicia que realizan os seus autocontrois de calidade no Ligal. As explotacións deberán atoparse de alta no Recaldi e, no caso das ecolóxicas, deberán estar inscritas no Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), así como cumprir outras características técnicas.

Entra en vigor o Plan de transporte público de Galicia polo que veciños e alumnos compartirán transporte escolar

Os centros educativos da comarca compartirán o servizo de transporte escolar cos veciños do rural durante este curso 2017/2018. Trátase dunha nova modalidade que forma parte do Plan de transporte público de Galicia, que non estivo exento de polémica durante a súa tramitación.

Prioridade para os menores

Durante os traxectos, tanto condutores como acompañantes terán unha instrución precisa sobre como proceder en cada situación, con capacidade para impedir o acceso ao autobús de persoas que poidan representar un perigo para os menores, outro dos aspectos que causou polémica no momento de coñecerse. Dende o Concello de Melide informaron de que “os escolares teñen blindada a atención as súas necesidades, xa que os contratos establecen o carácter prioritario da atención aos alumnos. Así, os seus horarios, as paradas e os itinerarios mantéñense intactos”. Non obstante, no caso de Melide non todas as rutas que realiza o transporte escolar contarán con este servizo para os veciños e veciñas do rural. Polo tanto, as persoas que queiran utilizar este método de transporte terán que fixarse nas diferente liñas xa que o propio autobús estará identificado como transporte compartido ou non.

Leve descenso do paro na comarca

Coñecidos os datos do paro unha vez rematado o mes de agosto, Galicia lidera as afiliacións á Seguridade Social e é a terceira comunidade na que máis diminúe o paro. Non obstante, os datos na comarca da Terra de Melide pouco varían, e é que Melide conta con 420 parados ao igual que no mes de xullo; Santiso ten 86 persoas desempregadas, dúas máis que no mes de xullo; o concello de Sobrado dos Monxes rexistrou 69 persoas desempregadas, unha menos que no mes de xullo e, en Toques a cifra total de parados é de 53 persoas, ao igual que no mes anterior. Con isto, o número total de desempregados na comarca é de 628 persoas, unha menos que no mes de xullo. Pese á mínima variación da comarca, no tocante á comunidade os datos son un pouco máis alentadores. Así, Galicia pecha agosto con 181.125 persoas no paro, situándose por primeira vez desde o inicio da crise por debaixo das 190.000 nun mes de agosto. O desemprego caeu con respecto ao mes de xullo un 0,41% e con respecto ao mesmo mes do ano pasado un 6,17%.

mediciones
inmobiliaria
seguros

LINDES

Inmobiliaria

Sucesiones
(Derechos Reales)

Particiones

Mediciones

Seguros

Catastro



Ronda de Coruña nº 68, baixo esquerda. Melide (A Coruña)
Rúa Ourense nº4, baixo. Palas de Rei (Lugo)

981 935 108
982 380 280

www.lindesmelide.com
info@lindesmelide.com

AGORA TAMÉN COLCHÓNS FLEX !!



45% DE

DESCONTO EN TODA A GAMA:
COLCHÓNS, BASES, CANAPÉS, ETC!

ElectroSan

C/ Martagona, 13
MELIDE
981 50 79 64
electrosanmelide@gmail.com
Electrosan


CAMPAÑA
Volta ao cole
Por compras superiores a 40€ e presentando o carné de familia numerosa, agasallámoste cun vale de 10€ para a seguinte compra.
Vale por 10€
Canxeable en compras superiores a 40 € nos establecementos asociados.
Asdo.: ASETEM-CCA
data valida ata o 31 de outubro de 2017
CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
CentroComercialAberto
ASETEM
O TEU COMERCIO
EN
Melide
aberto o domingo
Horario de 10:00h. a 14:00h.
CONCELLO DE MELIDE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
www.asetem.com
c/. Lino Sexto Sánchez 1, Baixo - 15800 Melide - A Coruña | Tel. e fax: 981 50 61 88 | info@asetem.com

100.000 euros de fondos europeos para Santiso

O investimento está destinado a un sendeiro e un local social

Os 100.000 euros dispoñibles no Programa Leader para este ano foron para o Concello de Santiso, e é que as tres iniciativas presentadas e aprobadas polo Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo, pertencen a este municipio.

Un local social e unha ruta de sendeirismo

Un dos proxectos responde á creación dun local social cunha achega concedida de 50.000 euros para construción e equipamento, que abarca as parroquias de Arcediago, Rairiz e Mourazos, e que terá equipamento específico para nenos e para persoas maiores. A outra iniciativa que obtivo unha achega do Leader este ano é unha ruta de sendeirismo homologada de 40 quilómetros nos arredores do río Ulla ao seu paso por Santiso. A axuda foi solicitada por dúas asociacións (Asociación Veciñal e Cultural O Noso Lar e Asociación ambiental As Rigueiras), e o Concello. O orzamento ascende a 156.000 euros e, aínda que lle correspondería una axuda dun 80%, as restricións orzamentarias do Leader non permiten aportar dita cantidade. A axuda concedida ascende así a 55.000 euros, diñeiro co que as dúas asociacións e o Concello porán en marcha os 40 quilómetros de ruta.



A ruta de sendeirismo ten unha lonxitude de 40 quilómetros e transcorre polos arredores do río Ulla

Proxectos á espera

O outro proxecto presentado, un centro social en San Esteban de Pezobrés, non acadou a nota suficiente para levar a axuda correspondente, polo que de momento quedará en lista de espera. No caso de habilitarse novos fondos, á construción deste novo centro social corresponderíalle unha achega de 16.000 euros. O presidente do GDR, Ovidio Leiva, e tamén veciño de Santiso amosou a súa sorpresa e satisfacción ante o feito de que os tres proxectos de asociacións deste ano fosen do mesmo concello.

Fondos do GDR permitirán o impulso de novos proxectos en Sobrado e Melide

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla-Tambre-Mandeo vén de aprobar 12 proxectos empresariais de posta en marcha de negocios, e ampliación e modernización de actividades que xa están en funcionamento. En total, para os nove concellos do GDR (Vilasantar, Comarca de Arzúa e Comarca de Melide), asignáronse 452.335 euros de axuda que supoñen un investimento total de 1,5 millóns de euros. Entre os proxectos aprobados figura unha pensión no Camiño Norte no concello de Sobrado, que compaxinará o aloxamento de peregrinos coa participación dos mesmos na actividade agraria do cultivo de shiitake (un cogomelo), e recollida de cogomelos e castañas. Tamén en Sobrado, unha panadería que xa está en funcionamento fará as inversións necesarias para aproveitar a calor residual do forno para a elaboración de doces, ampliando así a súa gama de produtos á venda. Por outra banda, en Melide porase en marcha un negocio de lavadoras con moedas, tipo autoservicio; un embotellador de licores con marca propia encargarase a partir de agora da elaboración nas súas instalacións dos seus propios licores; e por último financiarase a creación dun tanatorio, xa que ata o de agora só existía o servizo de velorio municipal.



Estado actual e recreación futura da pensión en Sobrado

Accesibilidade nos albergues

O albergue público de Melide contará con sinalización táctil accesible para os peregrinos con discapacidade visual. Unha acción enmarcada dentro do Plan de accesibilidade turística e do Camiño de Santiago que suporá a colocación de máis de 1.600 placas e atrís con altorrelevos, braille e pictogramas, entre outras características, para que calquera peregrino poda guiarse de xeito independente polo interior e exterior dos albergues do Camiño de Santiago. Unha rotulación baseada na normativa oficial da ONCE.



SAN CARALAMPIO. ESTABAS??




















REPORTAXE: De Toques ao mundo enteiro

“Muíño sempre dicía que un gaiteiro non ten que sufrir para tocar”

A súa morte repentina causou conmoción no mundo da gaita. Tantos foron os recordos e as condolencias que un ano despois do seu falecemento recibiu unha das homenaxes máis emotivas que podía ter. Falamos de José María Alfonso García, máis coñecido como Muíño, un alcume que el mesmo elixiu orgulloso das súas orixes en Muíño do Estreito, no concello de Toques.



Fotos: Adolfo Álvarez

Un home xeneroso

“Meu tío era unha persoa moi coñecida no mundo da gaita porque el inventou o pallón de plástico, unha peza que non sofre alteracións ante os cambios de temperatura e humidade, pero ademais de coñecido era, por encima de todo, xeneroso”, afirma a súa sobriña Belén García, responsable da organización desta homenaxe póstuma.

Que era un home xeneroso quedou reflectido nas numerosas condolencias que recibiu a familia tralo seu falecemento. E precisamente iso foi o que animou a Belén a renderlle esta homenaxe. “Comezaron a chegar os pésames á familia, pero tamén á Casa de Galicia de Santurtzi (Bizkaia), entidade na que meu tío participou como fundador e na que comezou o primeiro grupo de gaitas do fogar e emigrantes do municipio”. E é que ata esa localidade do País Vasco tivo que emigrar Muíño. “Moitas persoas do mundo da gaita preguntábanme como era posible que aínda non lle rendéramos homenaxe, así que como membro que son desta Casa de Galicia, e por suposto como sobriña, falei con meus primos e decidímonos a organizalo en Melide, porque aínda que naceu en Toques foi a Melide a onde tornou trala emigración”.

“A resposta que obtivemos por parte de todo o mundo non puido ser mellor”, continúa Belén. “En canto llo propuxemos ao Concello de Melide axudáronnos, e o mesmo pasou con Xosé Luis Foxo, da Real Banda de Gaitas de Ourense, que foi outro dos grandes impulsores da homenaxe debido á estreita amizade que mantiña con meu tío”.



A Praza do Convento quedou pequena para acoller a todo o público que asistiu á homenaxe

Pero as respostas e as colaboracións non quedaron aí. “Eu sabía que meu tío era coñecido e que traballaba para moita xente, pero nunca imaxinei de tal dimensión”, engade Belén, “e é que cando nos puxemos a organizar o acto e collemos a súa axenda decatámonos de que tamén fixera encargos e mantiña amizade con artistas de renome como Carlos Núñez, Hevia ou Kepa Junquera”. José María Alfonso García tamén construíu pallóns para bandas de gaitas nacionais e internacionais, como por exemplo bandas escocesas e irlandesas. “Pero a súa xenerosidade chegaba a tal punto que ademais de vender o pallón, se che tiña que axudar ou ensinar a afinar a gaita, preparar a palleta, ou calquera outra cousa, tamén o facía. E todo porque el sempre dicía que unha gaita para soar ben non ten porque estar dura, que un gaiteiro non ten que sufrir para tocar”, explica Belén. O recoñecemento que se lle fixo en Melide a Muíño foi un dos días máis emotivos que viviu a súa familia. “Durante os preparativos chorei de emoción todo o que non está escrito, pero o 25 de agosto foi algo incrible para todos nós”, lembra a súa sobriña.

O acto, que comezou coa Real Banda de Gaitas de Ourense, dividiuse en varias partes nas que houbo tempo para actuacións de grupos locais como Herba Grileira, Froito Novo, Gaiteiros do Balado e Leirabuxo, e outros como Airiños Galegos Doce Albor de Santurtzi. Tamén se realizaron numerosas proxeccións sobre a vida e a traxectoria de Muíño. “Quedámonos co que vivimos o día 25 en Melide e con todo o que aconteceu e foi xurdindo nos meses previos, porque durante a organización deste evento non paramos de descubrir cousas positivas sobre meu tío. E por suposto tamén coa resposta da xente de Melide. Estou moi contenta de habelo feito e máis que satisfeita coa resposta de toda a xente. Teño unha sensación de tranquilidade e de haber cumprido un obxectivo, de haber feito o que tiña que facer”, conclúe Belén.

Un legado para compartir

Con todo o acontecido e, seguro, todo o que queda por descubrir, a familia de Muíño traballa agora na forma de conservar o recordo de tan emotiva homenaxe. “De momento temos todo gravado e o que queremos facer é un DVD para os nosos socios da Casa de Galicia en Santurtzi, porque evidentemente non puideron desprazarse todos a Melide para vivilo. E despois tamén realizaremos un álbum de fotos con todo, pero para a familia, porque hai que ter en conta que Casa de Galicia tamén é unha institución pequena na que non dispoñemos de medios como para editar un libro, pero polo menos si recompilar material fotográfico e en vídeo para nós”.

FESTA DO SOCIO DA BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA

O pasado 25 de agosto a Banda de Música de Visantoña celebrou no Pazo Vilar de Ferreiros a súa festa do socio. Un evento que xa levan organizando 26 anos. Nesta edición, na que además están a cumprir o seu 140 aniversario, a festa do socio estivo dedicada a todos os músicos que dende a súa fundación, no 1877, formaron e forman parte da banda. Por outra parte, cabe salientar que a banda de música ten aberto o prazo de inscrición para matricularse no vindeiro curso 2017-2018, que comezará en outubro. Como novidade este ano incluíron as materias de iniciación á música, dirixida a nenos e nenas de 3 a 5 anos; música para adultos, dirixida a todas as persoas que desexen iniciarse ou ampliar os seus coñecementos de música (tanto linguaxe musical como de instrumento); e tamén clases de percusión de banda.


Foto: Banda de Música de Visantoña

O CAMIÑO FRANCÉS A TRAVÉS DUNHA RUTA GASTRONÓMICA

Grazas a un acordo asinado entre Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés, a partir do mes de outubro poráse en funcionamento unha ruta gastronómica neste itinerario xacobeo. Deste xeito, os 11 municipios que compoñen esta Mancomunidade, entre eles Melide, organizarán nas fins de semana dos meses de outubro a xaneiro diversas xornadas gastronómicas cos seus diferentes produtos locais como protagonistas. No caso de Melide ditos produtos serán os melindres, ricos e amendoados. Esta acción terá lugar na temporada de menor afluencia de peregrinos e grazas a ela os camiñantes poderán coñecer as singularidades da gastronomía de distintas zonas da Comunidade. O convenio terá vixencia ata 2020 e conta cunha achega por parte de Turismo de Galicia de preto de 287.000 euros. Nas xornadas gastronómicas propostas, promoveranse, entre outros produtos, o queixo do Cebreiro, o cocido, a carne de porco, o pan artesán, os biscoitos de Manjarín, os embutidos, o polbo, as anguías, o roscón de Pascoa, a tarta de Ancano, o augardente, o queixo Arzúa-Ulloa, os melindres, o capón ou o galo piñeiro. Todos eles son representativos dos concellos que forman parte da Mancomunidade: O Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín, Monterroso, Palas de Rei, Melide, Arzúa e O Pino.

EXCURSIÓN Á FORTALEZA DE SAN PAIO DE NARLA

Vai rematando o verán e con el numerosos cursos como o do Centro Ocupacional de Melide, no que participaron unha ducia de alumnos. Para despedir o curso realizaron unha excursión a Friol onde visitaron a Fortaleza de San Paio de Narla. Alí, os rapaces percorreron os exteriores da fortaleza así como o seu interior para coñecer de preto como era a vida dos señores que habitaron neste lugar nos séculos XVI a XIX. O grupo do Centro Ocupacional estivo acompañado nesta visita pola súa profesora ao longo de todo o ano e varios monitores. Con este tipo de actividades preténdese que "os rapaces do Centro Ocupacional poidan compartir experiencias cos seus iguais fóra das aulas", sinalaron dende o mesmo. O Centro Ocupacional de Melide volverá a poñer en marcha a súa actividade este mesmo mes de setembro.



REMATAN OS CAMPAMENTOS URBANOS E DE VERÁN NOS CONCELLOS DA COMARCA

Como cada verán, ao rematar o mes de agosto rematan tamén os distintos campamentos que organizan os Concellos para os máis cativos. Ao longo das vacacións escolares son moitas as actividades que se ofrecen como alternativa para o seu tempo libre. Actividades acuáticas e deportivas, rutas, obradoiros, campamentos de verán, etc. Melide, Sobrado ou Santiso contan con numerosas iniciativas levadas a cabo.

Campamento xuvenil do Río Furelos

Ademais, no concello de Melide atópase o campamento xuvenil do río Furelos, polo que este verán pasaron 240 rapaces; un dato que deu a coñecer na súa visita ás instalacións o conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela. De feito, este campamento é un dos seis que se desenvolveron ao longo dos meses de xullo e agosto en diversas instalacións xuvenís da provincia da Coruña. Rutas en bicicleta, sendeirismo, tiro con arco, kaiak, biomergullo fluvial, longboard, xeocaptura e a realización de obradoiros de temática variada foron algunhas das actividades nas que participaron os integrantes deste campamento.




Campamento en Santiso


Campamento en Melide


Campamento en Sobrado

BALANCE POSITIVO DO BÚS TURÍSTICO

Balance positivo do autobús turístico posto en marcha dende o pasado mes de xullo pola concellaría de Turismo de Melide. En total foron 1.062 persoas as que dende o 11 de xullo e ata o 31 de agosto tiveron a oportunidade de gozar dunha ruta polo patrimonio cultural e arquitectónico da comarca de Melide, de maneira gratuíta. De feito, todos os días houbo xente que non puido realizar o percorrido ao non quedar prazas libres. Por outra banda, un 80% do público que participou da experiencia foi español fronte ao restante 20%, que foron de nacionalidade inglesa e italiana. O incremento do turismo en Melide fíxose ver cando os datos dos peregrinos e turistas atendidos polos servizos municipais se dobraron, sendo 4.493 persoas as atendidas.

ESCOLAS DEPORTIVAS DE MELIDE

Ata o vindeiro 21 de setembro está aberto o prazo de inscrición nas Escolas Deportivas de Melide. As persoas interesadas poden formalizar a matrícula no departamento de Cultura do propio Concello. Xa o día 26 publicaranse as listas de admitidos e de espera e, no mes de outubro darán comezo as actividades divididas en dúas categorías, nenos e adultos. Dentro das actividades que se poñerán en marcha para os nenos e nenas ata os 16 anos, existen novidades como cociña, bádminton, baloncesto, balonmán, taekwondo e atletismo. Aqueles veciños e veciñas que teñan máis de 16 anos, poderán gozar de novidades como as clases de hipopresivos, "jumplig", "TRX", bádminton e defensa persoal. Mantéñense en ambos casos as actividades de sempre.

EN OUTUBRO: VI CICLO DE TEATRO AFECCIONADO

Durante o mes de outubro celebrarase en Melide o VI Ciclo de Teatro afeccionado "O Teatro no Camiño", organizado pola Asociación Cultural Charamela.

Programa

O programa recolle varias obras que darán comezo o sábado día 7 de outubro da man da Asociación Cultural La Caja de Pandora de Verín, coa interpretación da obra "Un mal día". O domingo 15 de outubro será O Batán de Cangas de Foz quen represente a obra "Bicos de Vinagre". Xa o sábado 21 de outubro, os protagonistas serán Rebuldeira teatro de Sarria, coa interpretación de "Delicadas". E finalmente o sábado 28 de outubro será a asociación cultural Charamela de Melide a que interprete "O blús de Haroldo Barrenillo". As obras de teatro representaranse na casa da cultura de Melide ás 21.00 horas. Na organización do sexto ciclo de teatro afeccionado colabora tamén o Concello de Melide.







Mingos, xenerosa figura inmorredoira

Soqui Cea, ex-alcaldesa de Melide

Xosé Domingos Cidre Bastián Fuciños Gómez, Mingos de Pita, deixounos á idade de 67 anos o pasado 5 de setembro. A miña lembranza de Mingos está e estará inevitablemente asociada a papeis, libros, xornais, carpetas, fotografías, partituras, bandeiras, cartas e tantos e tantos documentos que nos serviron para coñecer mellor ao noso Melide.

Falar ou escribir sobre Mingos obrígame a escoller a palabra xenerosidade para describilo. Xenerosidade ao ceder unha das súas casas, de xeito gratuíto, para instalar nela o Museo da Terra de Melide onde estivo case vinte anos. Xenerosidade ao ceder novamente outra casa, tamén de xeito gratuíto, para que as Comisións Labregas -Sindicato Labrego Galego- atendera nela aos labregos e labregas da comarca. Xenerosidade coa veciñanza que lle pedía axuda



Na fotografía, un momento da presentación dun dos libros do gran amigo de Mingos, Xosé Vázquez Pintor, na Capela de Santo Antón de Melide, onde tiveron lugar numerosos actos culturais da súa man.

Foto de Xosé García (ano 2001)

ou asesoramento en múltiples problemas. Xenerosidade ao impartir de xeito gratuíto clases de música tradicional a moita xente miúda. Canta xenerosidade tamén a das súas fillas Uxía e Xisela axudando nesa fermosa e necesaria tarefa de espallar a nosa música! Xenerosidade tamén ao permitir que a Universidade de Santiago e arqueólogos de Polonia traballaran no Castro da Graña de Toques, propiedade da súa familia. Xenerosidade inmensa, xunto á de Eva e as dúas fillas de ambos, ao acoller cada verán a nenos e nenas do Sahara na súa casa.

Xenerosidade, por suposto, ao decidir implicarse na política local no que foi tenente de alcalde de Melide con Unidade dos Veciños e concelleiro do BNG durante anos.

Xenerosidade, finalmente, ao dedicar tanto tempo da súa vida aos demais creando ou axudando a crear numerosas iniciativas culturais e sociais. Foi cofundador do Museo da Terra de Melide, da Asociación de Gaiteiros Galegos, da Asociación Cultural Terra de Melide e figura destacada de Froito Novo, entre outros grupos.

Eu, ao ser vinte anos máis nova ca el, non puiden coñecer e vivir en primeira persoa as súas múltiples loitas e anceios na procura dunha sociedade máis xusta, pero compartimos amizades das que, de boa tinta, fun sabendo do seu traballo.

As persoas de ben da Terra de Melide sentimos un baleiro na vila dende hai uns días que só se poderá ir enchendo se somos quen, pouco a pouco, de achegarnos, co máximo respecto e admiración, ao seu inmenso arquivo documental e fotográfico co obxectivo de coñecernos mellor e, polo tanto, querernos máis. Sería moi positivo seguir investigando, escribindo e publicando estudios sobre a Terra de Melide empregando material do arquivo de Mingos de Pita e familia. Penso que el estaría fondamente agradecido e orgulloso de poder seguir colaborando nesa fermosa tarefa de espallar a memoria colectiva dun pobo, do seu pobo.

Remato estas liñas de humilde homenaxe a Mingos Fuciños cunha atinada mensaxe da Biblioteca Pública de Arzúa, das moitas que houbo nas redes sociais, que me gustou especialmente e que, co seu permiso, emprego nesta ocasión: "Benquerido Mingos, ti non morriches, pertences a casta dos inmorrentes" e engado, lembrando ao gran amigo de Mingos e extraordinario escritor melidense, Xosé Vázquez Pintor, aquilo de... Apertas de buxo, compañeiro!!

A letra pequena das subvencións

CC Xestión

Os nosos políticos, a través dos periodistas, fannos chegar unha serie de informacións sobre axudas e beneficios públicos para autónomos que non sendo falsas, cando menos son imprecisas, polo que é necesario puntualizar varios extremos.

A principios de xullo anúnciase en todos os medios de comunicación que a Xunta vai outorgar 3.000 euros aos autónomos que leven alomenos 42 meses en funcionamento, xa que, en palabras do Presidente da Xunta de Galicia, os autónomos son "unha das columnas fundamentais da economía de Galicia". Esta axuda sae publicada no DOG a principios de agosto, cos requisitos divulgados polos medios; é dicir, levar máis de 42 meses de alta no réxime especial de traballadores autónomos, pola realización de unha actividade empresarial ou profesional e facturar máis de 12.000 euros, entre outros.

Se ben, como contraprestación, os autónomos interesados deben investir eses 3.000 euros en sufragar os gastos de servizos de profesionalización (servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento, servizos de optimización de procesos de produción e cadea loxística, relanzamento comercial, imaxe e comunicación e posicionamento web), ou desenvolvemento estratéxico (plan de mellora empresarial, marketing, redefinición do modelo de negocio e identificación de socios e redes de cooperación). Conceptos e ideas grandilocuentes que resultan, cando menos complicadas, á hora de poñerse en práctica para os nosos albaneis, fontaneiros, transportistas, comerciantes... que non acaban de ver a necesidade de facer un estudo de mercado, non posúen web para poder mellorar o seu posicionamento ou, aínda dispoñendo de web, non é un investimento que sexan capaces de asumir e manter a longo prazo.

Pero poñamos por caso que un albanel desexa mellorar os resultados da súa empresa e decide facer un estudo de mercado que lle proporcione liñas de acción para acadar unha situación máis competitiva e unha mellora da profesionalización. Estes estudos detectarán os puntos débiles da actividade e para solventalos, entre outras actuacións, proporán a realización de investimentos (maquinaria, etc.), necesarios para actualizarse e facerse máis competitivo; investimentos que non son subvencionables mediante esta axuda. Deste xeito, o albanel gastou 3.000 euros nun estudo de mercado que lle recomendaba unha actualización dos seus activos fixos (maquinaria, ferramentas...), extremo que probablemente el xa coñecía dende un principio e non necesitaba un estudo de mercado, senón diñeiro. Polo tanto, o autónomo atópase de novo no punto de partida; agora ben, con un estudo de mercado cheo de termos pomposos e rimbombantes que lle proporciona as claves do éxito do seu negocio.

Outra medida prometida foi o aumento da tarifa plana de 50 euros da cota de cotización de autónomos ata un ano, mellorando así a medida estatal que se limita a 6 meses. Esta medida materialízase nunha axuda de algo máis de 500 euros. Ata aquí nada que obxectar, pero ten a peculiaridade de que non é compatible coa axuda de promoción de emprego autónomo, programa Emega (axuda ao autoemprego feminino), nin con ningunha outra axuda que subvencione gastos de inicio da actividade; o que nos fai valorar se merece a pena renunciar a axudas máis vantaxosas en favor da nova axuda da tarifa plana.

Unha vez analizadas algunhas das axudas que se están a convocar para traballadores por conta propia, cabe concluír que se ben é certo que hai máis convocatorias de axudas que en anos anteriores, as contías subvencionables víronse reducidas considerablemente. A modo de exemplo, a axuda de Promoción do emprego autónomo ata o ano pasado concedía como mínimo 5.000 euros, pasando a 2.000 euros na convocatoria de 2017.

A nosa lectura particular é que a redución dos importes subvencionables unido ás incompatibilidades entre axudas e a dificultade de materialización en proxectos reais de tanto pensamento ilustrado na redacción das bases reguladoras das mesmas, fai que os tan aclamados beneficios públicos para os traballadores autónomos non só non se ampliaron, senón que nunha pretendida aposta pola innovación se están a afastar das necesidades reais dos nosos autónomos.

FERNANDO GAREA, FERRETERÍA NOGUEROL

“O éxito da empresa está no equipo humano e en vender servizos, máis que produtos”

Cunha traxectoria de máis de setenta anos no mercado, Ferretería Noguerol atópase na actualidade en pleno proceso de expansión. Esta empresa familiar con base en Melide e que botou a andar no ano 1945 prevé tornar en breve á plataforma de venda por Internet, Amazon. Ademais, estudan a apertura dun novo local nun concello da contorna de Melide. Fernando Garea, xerente da empresa, insiste en que nada do acadado sería posible sen o traballo e a motivación de cada un dos que forman este proxecto, de aí que defenda como máxima do seu traballo a motivación do equipo humano que constitúe Noguerol. O seu lema: “somos unha empresa pequena á que lle gusta pensar ao grande”. Grazas a iso medran ano a ano.



Fernando Garea ás portas da nave situada na Circunvalación da Feira, en Melide

- Máis de 70 anos de Ferretería Noguerol dan para unha longa traxectoria

- Fernando Garea (F.G.): Si. Somos unha empresa familiar que data do ano 1945 e que comezou con dous socios, meu avó e meu tío. No ano 1998 produciuse un relevo xeracional que é cando entrei eu e se xubilaron os maiores. Naquel momento só se dispoñía dun local no centro a modo de ferraxería e que trala miña incorporación reformamos e convertemos na actual tenda de fogar e hostalería. Xa no ano 2005 inauguramos esta nave, unhas instalacións dirixidas ao subministro industrial, e dende entón continuamos coas dúas tendas funcionando. Máis tarde no 2012 creamos un novo departamento de aluguer de maquinaria e no 2015 inauguramos un servizo técnico propio cos nosos mecánicos. Tamén é destacable o feito de que no ano 2015 nos outorgaran a distribución de zona da marca punteira Stihl.

- Cantos empregados ten a día de hoxe?

- F. G.: Agora mesmo somos un equipo humano de 15 persoas.

- Como evolucionou este sector?

- F.G.: Cambiou completamente todo. O noso plan estratéxico dende fai xa seis anos pasou por observar todo o que estaba acontecendo, como por exemplo os cambios tan radicais a nivel de consumo que se estaban a producir pola caída da construción, e en consecuencia a caída do consumo. Nese intento de adaptarnos á nova situación do mercado vimos que cambiaba de forma brutal o xeito de comprar do consumidor, o que nos obrigou a planificar tamén como vender. Agora mesmo temos que vender servizos, non podemos vender produto porque o produto quen o queira comprar máis barato sempre o vai a ter. Hoxe temos que loitar contra Internet, coas grandes superficies, coa redución nas distancias ás cidades capitais, etc. E para iso baseamos a nosa liña de negocio en equipo humano como prioridade primeira, e en ofrecer servizos como segunda. Trátase de xerar un bo equipo e que todos o demos todo, todos os días. Non cabe dúbida de que para iso tamén hai que ter á xente motivada.

- Vexo que lle dá moita importancia ao equipo humano.

- F.G.: Por suposto. Toda. Unha das nosas máximas preocupacións agora mesmo é a de ter un equipo motivado, ilusionado e formado, que é a clave do éxito. Hoxe non vendes máis por ser máis barato, vendes máis porque lle transmites á xente que che compra unha confianza que non atopa noutras superficies comerciais. O noso lema actual é que somos moito máis que unha ferraxería, nós vendemos, reparamos, desprazámonos e formamos.

- Hai anos promoveu vostede iniciativas de colaboración cun centro educativo. Teñen en marcha algún proxecto deste tipo na actualidade?

- F.G.: Estamos continuamente facendo cousas e gústanos moito colaborar con ese tipo de iniciativas. A novidade é que temos como obxectivo para o 2018 crear unha aula específica de formación para os nosos clientes. A idea está en marcha e a aula construirase no segundo andar da tenda que temos aberta no centro de Melide.

- Que é o mellor e o peor deste traballo?

- F.G.: O mellor para min é o equipo humano, ver aos compañeiros motivados, ilusionados, e ver que o éxito da empresa é o éxito de todos. Iso por un lado. E por outro, a fidelidade dos nosos clientes. O peor por contra é liderar cando as cousas van mal. Xestionar a empresa en época de crise.

- Con dúas tendas abertas, ten máis plans de expansión?

- F.G.: Si. Acabamos de facer un investimento de 10.000 euros na reforma integral da nosa páxina web e volveremos en breve con toda a nosa base de datos a Amazon; unha plataforma na que xa fomos pioneiros na venda de artigos para a casa no ano 2012. E por outra banda tamén estamos facendo a análise de viabilidade para a posible apertura dun novo centro nun concello da contorna de Melide de cara ao 2019.

- Que vantaxes ofrece o pequeno comercio?

- F.G.: Principalmente, o asesoramento personalizado e a máxima calidade do servizo postvenda. Esa seguridade de que nada vai fallar e se hai algún problema, que se vai solucionar.

“Para o 2018 imos crear unha aula específica de formación para os nosos clientes”

“Volvemos cos nosos produtos a Amazon e no 2019 abriremos unha tenda nova, próxima a Melide”

Noguerol Fogar&Hostalería
Tlf: 981 50 50 29
Rúa do Convento, 28

PLAN ÚNICO de concellos



+ Fondos para o teu concello

O Plan Único da Deputación da Coruña distribúe 74 millóns de euros entre os 93 concellos coruñeses, o maior investimento aprobado nun só plan na historia da Deputación.

+ Simple

Aúna nunha soa convocatoria anual todos os plans de investimentos da Deputación e 11 liñas de subvencións, aforrándolle aos concellos a tramitación de máis de 1.000 expedientes.

+ Obxectivo e transparente

Os fondos do Plan Único distribúense entre os concellos da provincia usando criterios obxectivos, como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal de cada municipio. Deste modo, a Deputación garante unha fonte de financiamento local estable e permite aos concellos coñecer con antelación as achegas provinciais que lles corresponden.

+ Autonomía municipal

Os concellos son a administración máis próxima á cidadanía e a que mellor coñece as súas necesidades. Por iso, o Plan Único permite que sexan eles os que decidan cales son as súas prioridades á hora de investir os fondos que lles achega a Deputación.

+ Flexibilidade

Ademais de executar 353 obras e melloras nos equipamentos e infraestruturas municipais, o Plan Único permite destinar os seus fondos a financiar parte do gasto corrente dos concellos, a reducir a súa débeda e a cofinanciar outros plans de investimentos.

+ Saneamento financeiro

O Plan Único contribúe ao saneamento financeiro dos concellos da provincia da Coruña, facilitando a redución da débeda municipal e axilizando os pagos a provedores.

www.dacoruna.gal

Deputación DA CORUÑA